

Recurso nº 98/2019**Resolución nº 94/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 29 de abril de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto en propio nome por dona M.R.C. contra o acta de exame do informe solicitado á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e proposta de adxudicación patrimonio de data 20.03.2019 na contratación, pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, mediante acordo marco con varios empresarios para o servizo de redacción dos documentos dos Plans Básicos Municipais (PBM), expediente 16/2018 U, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio convocouse a licitación do contrato mediante acordo marco con varios empresarios para o servizo de redacción dos documentos dos Plans Básicos Municipais (PBM), cun valor estimado declarado de 2.483.511,84 euros.

Segundo.- O 15.04.2019 dona M.R.C. interpuxo recurso especial en materia de contratación, a través do formulario telemático existente a tal fin na sede electrónica da Xunta de Galicia, con enlaces na web deste Tribunal.

Terceiro.- Con data 15.04.2019 reclamouse ao órgano de contratación o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro,

de contratos do sector público (en adiante, LCSP). O expediente foi recibido neste Tribunal o día 23.04.2019.

Cuarto.- Examinado o expediente administrativo, e ao estarmos nun suposto do artigo 55 LCSP, procedeu ditar a presente resolución.

Quinto.- Na data 24.04.2019 o TACGal resolveu suspender a contratación, solicitada no recurso.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

Terceiro.- O artigo 44.2.b LCSP di que poderán ser obxecto do recurso as seguintes actuacións:

“b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149”.

A recorrente impugna o acta da mesa, de data 20.03.2019, rotulada “Acta de exame do informe solicitado á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e proposta de adxudicación patrimonio”. Achegou copia dese acta co seu recurso, como a actuación impugnada.

En canto á impugnabilidade do acto recorrido, con ese rótulo descritivo da súa natureza, resulta xa o seu carácter de acto de trámite non decisorio porque contén unhas propostas, que se reproducen:

“1. Propoñer ao órgano de contratación a exclusión de GAU ARQUITECTURA E URBANISMO, S.L.P. e BASALO ARQUITECTOS, S.L.P por non ter xustificado as súas ofertas, en baixa desproporcionada.

2. Propoñer ao órgano de contratación, segundo o sinalado no apartado 12 do cadro de características do prego que rexe nesta contratación, as dez (10) ofertas con mellor relación calidade-prezo, que son as sinaladas no punto segundo das deliberacións desta acta”.

Aquí estamos perante un acta que contén unhas meras propostas da mesa, o cal non é susceptible de recurso especial. Destacamos que tamén é o órgano de contratación o que debe tomar a decisión final sobre as ofertas que estaban en presunción de anormalidade, como refire o artigo 149.6 LCSP, sexa cando resolve a adxudicación. En definitiva, non se nos aporta polo recorrente que existira un acordo desa instancia decisoria, con notificación e información dos recursos cara este especial en materia de contratación.

Ningunha afectación hai por isto aos dereitos de defensa do recorrente, que sempre terá a súa disposición actos posteriores do órgano de contratación sobre os que, no seu caso, exercer o recurso especial de ser ese o seu interese.

En consecuencia, ao abeiro do artigo 55.c), procede declarar a inadmisión deste recurso especial por non tratarse aínda dun acto susceptible do mesmo.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por M.R.C. contra o acta de exame do informe solicitado á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e proposta de adxudicación patrimonio de data 20.03.2019 na contratación, pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, mediante acordo marco con varios empresarios para o servizo de redacción dos documentos dos Plans Básicos Municipais (PBM), expediente 16/2018 U.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.